<ul style="list-style-type: none"> - Localización e sistemas de representación. - Localización e descrición de relacións espaciais: coordenadas cartesianas e outros sistemas de representación. Uso de ferramentas tecnolóxicas. - Modelo matemático. - Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada. - Variable. - Comprensión do concepto de variable. Variable dependente e independente. - Igualdade e desigualdade. - Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais en situacións da vida cotiá. - Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais.

Contidos

- Relacións e funcións.
- Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación lineal. Coordenadas cartesianas.
- Identificación de funcións, lineais ou non lineais e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas.
- Modelización das relacións lineais en distintas situacións da vida real.
- Representación da recta a partir da súa ecuación en problemas contextualizados.
- Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas.
- Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.
- Pensamento computacional.
- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.
- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.
- Uso de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.

UD	Título da UD	Duración
12	Estatística	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de variables cualitativas e cuantitativas. Pón exemplos de poboación, mostra e individuo.	PE	100
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos dunha variable unidimensional e constrúe a táboa de frecuencias.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable unidimensional e aplica conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Organiza os datos dados de forma gráfica.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos. Emprega a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Concepto de poboación, mostra e individuo. Variables cualitativas e cuantitativas. - Recollida, organización e tratamento de datos de variables unidimensionais. Frecuencias. - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas e cuantitativas en contextos da vida real. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas a cada caso para visualizar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. Uso de procedementos manuais e tecnolóxicos (calculadora, folla de cálculo, programas informáticos) - Medidas de centralización: interpretación e cálculo. - Uso da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas para o cálculo analítico das medidas de centralización, así como a súa interpretación en situacións da vida real.

UD	Título da UD	Duración
13	Matemáticas para a vida en sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.		
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base na que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaranse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizade dos contidos tratados. Para conseguilo, introducíranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentarase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSIANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario

propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto 'Matemáticas 1º ESO' da editorial ANAYA, na súa versión trimestral. A editorial pon a disposición do alumnado o libro virtual mediante a descarga dun código que se atopa na contraportada do primeiro tomo.
Curso de matemáticas na aula virtual que servirá para a divulgación de contidos, para a entrega de tarefas e como canle de comunicación entre o/a profesor/a e o alumnado.
Fichas de actividades de consolidación, reforzo e ampliación.
Materiais manipulativos (cartas de números enteiros, xogos de corpos xeométricos, tangram,...)
Software libre para afianzar contidos e realizar construcións xeométricas (Geogebra etc.)
Caderno da/o alumna/o
As aulas posúen ordenador para o/a profesor/a, encerado dixital, canón, encerado, pupitres individuais e ordenadores abalar (aínda que a maioría non están operativos).
Aula de informática para que cada alumno/a poida traballar con medios tecnolóxicos de xeito individual.
Material de debuxo (regra, compás, transportador de ángulos, escuadra, cartabón etc.) para realizar construcións xeométricas.

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará o curso da aula virtual para informar ao alumno sobre cuestións de interese (exames, datas de entrega de tarefas etc), para divulgar contidos e como canle de comunicación entre profesorado e alumnado. Ao curso da aula virtual tamén poderá accederse dende a aula de informática, na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	12	7	7	7	12	7	7	7	7	7
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	6	100
Proba escrita	100	100	0	94
Táboa de indicadores	0	0	100	6

Criterios de cualificación:

Realizarase unha avaliación inicial nas primeiras semanas do curso.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

A cualificación de cada avaliación parcial obterase do seguinte xeito:

* O 80 % corresponderá á avaliación de contidos. Faranse a lo menos dúas probas de contidos por avaliación. A cualificación neste apartado obterase como a media aritmética das probas realizadas.

* O 20 % restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

A cualificación da avaliación parcial será unha puntuación comprendida entre 1 e 10. Unha cualificación inferior a 5 supón que dita avaliación non está superada. O alumnado que non supere a avaliación parcial terá a oportunidade de realizar unha recuperación da mesma.

Procedemento de recuperación dunha avaliación parcial:

A recuperación dunha avaliación parcial non superada consistirá nunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Esta proba realizarase ao inicio da seguinte avaliación. A cualificación desta proba será unha puntuación comprendida entre 1 e 10; esta puntuación substituirá á nota obtida na avaliación parcial non superada. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Cualificación final:

O procedemento para a obtención da cualificación final da materia será o seguinte:

Realizarase a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais. A materia terá unha cualificación

positiva se a media aritmética das avaliacións parciais é igual ou superior a 5.

Coa fin de incrementar a cualificación obtida polo alumnado que non acade unha cualificación positiva na materia unha vez realizado o cálculo da media aritmética, o/a profesor/a da materia realizará unha proba final, organizada nunha ou en varias partes, sobre os contidos traballados da materia ao longo do curso.

A non asistencia a unha proba obxectiva suporá que a cualificación da proba sexa un 0. (No caso de que a falta de asistencia estea xustificada documentalmente o/a alumno/a poderá realizar a proba noutra data). A non entrega dun traballo suporá que a cualificación do mesmo sexa un 0.

Criterios de recuperación:

Procedemento de recuperación dunha avaliación parcial:

A recuperación dunha avaliación parcial non superada consistirá nunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Esta proba realizarase ao inicio da seguinte avaliación. A cualificación desta proba será unha puntuación comprendida entre 1 e 10; esta puntuación substituirá á nota obtida na avaliación parcial non superada. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Recuperación final:

Coa fin de incrementar a cualificación obtida polo alumnado que non acade unha cualificación positiva na materia unha vez realizado o cálculo da media aritmética, o/a profesor/a da materia realizará unha proba final, organizada nunha ou en varias partes, sobre os contidos traballados da materia ao longo do curso.

A non asistencia a unha proba obxectiva suporá que a cualificación da proba sexa un 0. (No caso de que a asistencia estea xustificada documentalmente o/a alumno/a poderá realizar a proba noutra data). A non entrega dun traballo suporá que a cualificación do mesmo sexa un 0. Se un/unha alumno/a durante un exame ou proba escrita copia algunha parte do mesmo dun/dunha compañeiro/a, fala con el/ela, ten chuletas, móbil,....., retiraráselle o exame e tomaranse as medidas legais pertinentes.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os contidos relativos á materia pendente dividiranse en dúas partes.

Para a preparación de cada unha das partes entregarase ao/á alumno/a un boletín de exercicios. O boletín da primeira parte entregarase en outubro e o boletín da segunda parte entregarase en decembro.

O/A alumno/a examínase dos contidos de cada unha das partes a través dunha proba. A proba relativa aos contidos da primeira parte realizarase antes da primeira avaliación e a proba relativa aos contidos da segunda parte realizarase antes da segunda avaliación.

O/A alumno/a disporá dunha atención personalizada por parte da xefa do departamento e tamén da profesora do presente curso, para aclarar calquera dúbida que poida ter na resolución dos exercicios dos boletíns.

A profesora do curso actual fará un seguimento quincenal dos boletíns, comprobando que o/a alumno/a está a realizar as actividades propostas e tamén que a resolución das mesmas é correcta. Os boletíns correspondentes a cada unha das partes deberán entregarse resoltos á profesora do curso actual ou á xefa do departamento de matemáticas, ao menos unha semana antes da realización de cada unha das probas.

O/A alumno/a e a súa familia serán informados sobre a progresión da materia pendente na primeira e na segunda avaliación, despois de realizar a proba correspondente. Na avaliación final informarase da cualificación final da materia pendente.

A proba de cada unha das partes cualificarase cunha puntuación comprendida entre 1 e 10. Se o/a alumno/a non asiste á realización da proba por causa non xustificada documentalmente, a cualificación da proba será 1.

Cualificación final.

Se a media aritmética das cualificacións das probas das dúas partes é 5 ou máis de 5, o/a alumno/a terá a materia superada. En caso contrario, indícaráselle a parte ou partes das que deberá examinarse de novo.

Aquel/a alumno/a que teña que recuperar unha ou as dúas partes realizará unha nova proba no mes de maio.

A cualificación da materia, no caso de ter que recuperar unha parte, obterase facendo a media aritmética entre a

cualificación da parte superada ao longo do curso e a nova cualificación da outra parte, unha vez realizada a proba de maio.

A cualificación da materia, no caso de ter que recuperar as dúas partes, será a cualificación obtida na proba realizada en maio.

Se a cualificación obtida despois de realizar a proba de maio é igual ou superior a 5, a materia considerarase superada na avaliación final. Se esta cualificación é inferior a 5 ao/á alumno/a facilitaráselle uns novos boletíns de exercicios para traballar os contidos da materia pendente. Estes contidos avaliaranse nunha derradeira proba a realizar no mes de xuño na que o/a alumno/a poderá incrementar a súa cualificación.

No caso de que algún/ha alumno/a non superase a materia despois da derradeira proba, estudarase a súa evolución na materia do departamento de matemáticas correspondente ao curso actual: se a cualificación final da materia de matemáticas do curso superior é positiva (igual ou superior a 5), o departamento considera que o/a alumno/a ten acadados os obxectivos da materia de cursos anteriores e obterá unha cualificación de 5 na materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concurso de fotografía matemática.	Presentación de ata un máximo de dúas fotografías nas que quede patente a presenza das matemáticas na vida cotiá.			X
Conmemoración do día internacional das matemáticas. (14 de marzo)	Actividades lúdicas para festexar a presenza das matemáticas no día a día.		X	
Día da muller matemática (12 de maio)	Actividades formativas para destacar os logros das mulleres matemáticas.			X

Observacións:

Poderán realizarse outras actividades que xurdan ao longo do curso, organizadas no centro ou organizadas fóra do centro, para fomentar o gusto polas Matemáticas, como poden ser exposicións, charlas, feiras, obradoiros etc.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

9. Outros apartados